

O LOBO IBÉRICO (Canis lupus signatus)

Sen lugar a dúbida, o Lobo é a especie máis polémica e controvertida da nosa fauna.
O lobo é un mamífero carnívoro depredador, aínda que as veces pode ser preeiro, e en determinadas estacións do ano, alimentarse de froitos silvestres.
A súa lonxevidade pode chegar ata os 16 anos, en boas condicións.
Os Lobos teñen unha comunicación por expresión corporal (mover a cola, agochar as orellas..) a modo de xestos e por outro lado teñen a comunicación con expresión vocal (ouveos, gruñidos..).
Na península ibérica estimase unha poboación de 1500 a 2500 exemplares, distribuídos principalmente polas comunidades de Galicia, Castela-León, Asturias e Cantabria. Pero no sur da península Ibérica esta especie atopase en perigo de extinción xa que o número de exemplares non supera os 40 – 50 exemplares
O Plan de Xestión do Lobo Ibérico en Galicia determina que o Lobo é unha especie cinexética, esta incluído no Regulamento da Lei de Caza (Dec 284/2001) e por outro lado o mantemento e conservación das poboacións está disposto na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza e fauna en xeral.

A EXPOSICIÓN

A exposición inclúe aproximadamente 150 fotografías de Carlos Sanz sobre a bioloxía, ecoloxía e problemática actual do Lobo Ibérico, e se complementa cun exemplar naturalizado e con algúns cranios de lobos e de outros cánidos. Así mesmo forman parte da mostra os mais variados obxectos relacionados dunha ou outra forma ca cultura tradicional asociada ó Lobo: esculturas, gravados, escudos, moedas, libros.... Ademais a exposición complementase con diversos paneis informativos acerca da historia, mitoloxía e as relacións co home e ca gandería, así como algúns traballos de investigación, divulgación e xestión sobre o Lobo Ibérico.
Esta exposición está englobada no ciclo de exposicións medioambientais " MARIN AMOSA " organizadas pola Concellaría de Medio Ambiente despois de percorrer as mais importantes cidades do noso Estado, por exemplo o Museo de Ciencias de Madrid.

Dende a Concellaría de Medio Ambiente de Marín estamos a traballar na educación ambiental para que a sociedade valore e respecte o seu entorno, e para iso nas exposicións traballamos con talleres, audiovisuais, facemos as visitas guiadas para facilitar a comprensión dos temas a tratar ; en especial cos escolares.

LENDA E REALIDADE

A exposición AMIGO LOBO o que pretende é diferenciar claramente a lenda e a realidade desta fascinante e controvertida especie, desmitificando a imaxe de animal sanguinario que aínda perdura hoxe na sociedade, pois sempre despertou unha estraña mestura de sensacións de admiración e odio, concretamente no medio rural, debido a contos (Caparuchiña vermella), mitos, supersticións etc..., que xustificaron a súa persecución.
O Lobo desempeña un papel fundamental no equilibrio biolóxico dos ecosistemas nos que habita e así mesmo forma parte do patrimonio histórico, mitolóxico e cultural de todo o Hemisferio Norte.
O Lobo é un carnívoro como calquera outro, ten que cazar para alimentarse e sacar a diante a súa familia, pero en ningún caso supón un perigo real para o home como se cre.
E por conseguinte cada vez se fan máis necesarias e urxentes campañas divulgativas da bioloxía do Lobo Ibérico, así como a realización de estudos e investigacións sobre a especie, que mostren e separen claramente a lenda e a realidade deste mítico predador.

Actividades lobeiras:

Conferencias:

Museo Municipal Manuel Torres
Av de Ourense s/n MARÍN

- 6 abril – 18.30 h.
  Amigo lobo
  Leyenda y realidad del lobo ibérico.
  Carlos Sanz. Lobo Producciones

- 22 abril – 20.00 h.
  O Lobo unha carreira pola supervivencia.
  Pepe Salvadores. ADEGA

- 6 maio – 20.00 h
  O Lobo Ibérico
  Rubén Portas.
  ASCEL Galicia

- 21 de maio – 20.00
  O Lobo na Costa da Morte
  Francisco Lema Fuentes
  Autor de audiovisuais sobre o Lobo na Costa da Morte

► TÓDALAS ACTIVIDADES SON DE CARÁCTER GRATUITO

Películas e documentais:

Museo Municipal Manuel Torres
Av de Ourense s/n MARÍN

- 9 abril – 19.00 h
  Caparuchiña vermella
  Cine Infantil

- 16 abril – 19.00 h
  El Hombre y la Tierra.
  El Lobo. 1ª Parte
  Documental

- 30 abril – 19.00 h
  Pedro e o Lobo
  Cine Infantil

- 7 maio – 19.00 h
  Os tres porquiños
  Cine Infantil

- 14 maio – 19.00 h
  El Hombre y la Tierra
  El Lobo. 2º Parte
  Documental

- 28 maio – 19.00 h
  Balto
  Cine Infantil

- 4 xuño – 19.00h
  Pacto con Lobos
  Documental

- HORARIO DE VISITAS :
  - Luns, de 11.00 a 14.00 h.
  - Martes a Venres, de 11.00 a 14.00 h.
    de 18.00 a 21.00 h.
  - Sábados e Domingos, de 11.00 a 14.00 h.
  - Festivos pechado.

M. TORRES

A exposición *AMIGO LOBO* está dedicada ao Dr.Rodríguez de la Fuente, o entrañable *AMIGO FELIX*, o mellor amigo que tivo o Lobo no noso país e dende a Concellaría de Medio Ambiente de Marín rendémoslle unha homenaxe presentando esta exposición na conmemoración do 30 aniversario da súa desaparición, e deste xeito valorar e premiar o seu traballo pola natureza

"Que el Lobo viva donde pueda y donde deba vivir, para que en las noches españolas no dejen de escucharse los hermosos aullidos del Lobo"

Félix Rodríguez de la Fuente

Carlos Sanz con Félix Rodríguez de la Fuente durante os rodaxes de " El Hombre y la Tierra " (1977).

Organiza:

Concello de Marín
Concellaría de Medio Ambiente

Colaboran:

caixanova

CARLOS SANZ PRODUCCIONES

" El lobo, como todo animal salvaje, tiene el derecho de existir en su estado natural. Este derecho no depende de su utilidad para el hombre, y deriva del que tienen todos los seres vivos a coexistir con él como parte integrante de los sistemas ecológicos"

I Reunión Internacional para la Conservación Del Lobo en Europa , Estocolmo, 1973.

AMIGO LOBO

Leyenda y realidad del lobo ibérico

Exposición de CARLOS SANZ - LOBO PRODUCCIONES

MUSEO MUNICIPAL MANUEL TORRES
Do 6 de abril ao 10 de xuño